



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

## **PROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º T-1: ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SUBMINISTRO DOMICILIARIO DE AUGA**

A auga é un ben común, que non ten propietario, imprescindible para a vida. Por este motivo é preciso asegurar o acceso a este recurso a todas as persoas.

Neste senso, alí onde é posible, o subministro domiciliario de auga potable é un servizo de competencia municipal, e que, debido á súa natureza, debe ser xestionado de forma eficiente, eficaz e responsable.

A prestación deste servizo implica unha serie de gastos, por mor das infraestruturas, das ferramentas, do mantemento e dos custos salariais do persoal implicado. Por este motivo é preciso establecer unha taxa que grave a prestación deste servizo.

Tendo en conta o proceso de mellora dos servizos municipais e da súa normativa que está a levar o Concello, é preciso realizar unha actualización da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento, de cara a mellorar a redacción da norma e adaptala ás accións de mellora que se pretenden desenvolver.

Por este motivo, a Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, para o seu debate e aprobación, o texto que segue, para actualizar a ordenanza fiscal nº T-1.

San Sadurniño, 22 de agosto de 2017

O Alcalde



Secundino García Casal

### **ANEXO**

**Actualización da ordenanza fiscal n.º T-1: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo do subministro domiciliario de auga**



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

## **ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º T-1: ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SUBMINISTRO DOMICILIARIO DE AUGA**

**Primeiro.-** Modifícase o título da ordenanza, ficando como Ordenanza fiscal n.º T-1: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo do subministro domiciliario de auga.

**Segundo.-** Actualízase o contido da ordenanza fiscal n.º T-1: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo do subministro domiciliario de auga, que terá o seguinte contido:

### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza**

En aplicación do disposto nos artigos 15 a 27 e 58 do texto refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo do subministro domiciliario de auga potable, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, así como polo regulamento do servizo.

### **Artigo 2º.- Feito imponible**

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo do subministro domiciliario de auga potable, e nomeadamente a utilización da rede de fornecemento de auga polos predios conectados, os dereitos de acometida e o beneficio obtido polo mantemento dos contadores.
2. Para os efectos da aplicación da taxa, diferenciaranse 2 tipos de consumo:
  - a. Usos domésticos: os vinculados aos edificios e propiedades particulares que teñan a condición de vivenda ou soar
  - b. Usos comerciais ou industriais: os vinculados a baixos comerciais e demais edificacións na que se desenvolvan actividades económicas

### **Artigo 3º.- Suxeitos pasivos**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que sexan usuarias do servizo e as que resulten beneficiadas ou afectadas polo dito servizo, tanto para usos domésticos como para usos comerciais ou industriais.
2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa propietaria das vivendas ou locais con subministro, que poderá repercutir, no

seu caso, as cotas satisfeitas sobre as respectivas persoas beneficiarias do servizo.

#### **Artigo 4º.- Responsables**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 43 da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarias as persoas administradoras das sociedades e as que asuman as tarefas de sindicación, intervención ou liquidación de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

#### **Artigo 5º.- Bases de imposición e tipos de gravame**

1. As bases de imposición e tipos de gravame son os contidos nas seguintes tarifas:

<b>Conceptos</b>	<b>Importe (euros)</b>
Cota fixa cada tres meses para usos domésticos	9,00 €
Cota fixa cada tres meses para usos comerciais ou industriais	15,00 €
Consumo entre 0 e 30 m <sup>3</sup> cada tres meses	0,16 €/m <sup>3</sup>
Consumo entre 31 e 50 m <sup>3</sup> cada tres meses	0,33 €/m <sup>3</sup>
Consumo de máis de 51 m <sup>3</sup> cada tres meses	0,66 €/m <sup>3</sup>
Dereitos de acometida á rede	135,00 €
Cota trimestral polo mantemento dos contadores	1,00 €

2. No referido aos dereitos de acometida, o importe indicado comprenderá a instalación polo Concello da chave de paso, do colar e ata 15 metros de tubaxe. O resto das instalacións e obras necesarias serán por conta da persoa usuaria do servizo, e serán previamente revisadas polos servizos municipais.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

3. No referente aos contadores, as persoas usuarias poderán decidir se estes son da súa propiedade, e se encargan da súa compra, colocación e mantemento, ou son propiedade do Concello. Só neste último caso os suxeitos pasivos terán que aboar a cota polo mantemento dos contadores.
4. As anteriores tarifas actualizaranse anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ao consumo (IPC) interanual.

#### **Artigo 6º.- Exencións**

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción da presente taxa.

#### **Artigo 7º.- Bonificacións**

Concederase unha bonificación do 50% aos suxeitos pasivos titulares do ben obxecto da presente ordenanza, que teñan entre 12 e 30 anos e que acrediten ser posuidores do Carné Xove. Esta bonificación será solicitada pola persoa usuaria en cada anualidade de exacción da presente taxa.

#### **Artigo 8º.- Xeración**

1. Xerarase a taxa e nacerá a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo.
2. Os suxeitos pasivos deberán presentar a solicitude de alta ou baixa no servizo e, unha vez concedida a licenza de conexión á rede, incorporaranse ao censo de suxeitos pasivos en concepto de taxa por subministración de auga potable.

#### **Artigo 9º.- Liquidación e recadación**

1. As tarifas anteriores serán liquidadas por períodos trimestrais vencidos.
2. O período voluntario de cobramento será de dous meses, a contar dende o día en que se poñan os recibos ao cobro. Transcorrido o dito período sen se ter efectuado o ingreso, abrirase a vía de constrinximento e reportarase o recargo do 20 por 100 da débeda non ingresada así como o dos xuros de demora correspondentes a este, computándose no seu caso, como pagos a conta, as cantidades pagadas fóra de prazo.
3. Este recargo será do 10 por 100 cando a débeda non ingresada se satisfaga antes de que fora notificada á persoa debedora a providencia de constrinximento, e non se esixirán os xuros de demora reportados dende o comezo do período executivo.

### **Artigo 10º.- Infraccións e sancións**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao previsto na Lei xeral tributaria e disposicións concordantes.

### **Artigo 11º.- Remisión ao regulamento do servizo**

En todo o non especialmente previsto nesta ordenanza estarase ao disposto no Regulamento do Servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable de San Sadurniño.

### **Disposición adicional transitoria**

No momento de entrada en vigor desta ordenanza, os contadores das persoas usuarias existentes seguirán sendo da súa propiedade, e polo tanto deberán encargarse do seu mantemento. En todo caso, en calquera momento poderán solicitar ao Concello a instalación dun novo contador, asumindo os servizos municipais o seu mantemento, e a persoa usuaria o pagamento da correspondente taxa periódica.

### **Disposición final**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**Terceiro.-** En cumprimento do establecido nos artigos 49 e 70-2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o seguinte o da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e se presenten, no seu caso, as reclamacións que se estimen oportunas.

Para facilitar o acceso ao texto da proposta da ordenanza fiscal durante o período de exposición pública, procederase a publicar o texto na web municipal. Ademais darase traslado da proposta do texto á entidade Augas de Galicia e ao Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

Se transcorrido o prazo indicado non se presentasen alegacións, considerarase aprobada definitivamente esta actualización da ordenanza fiscal nº T-1.



**San Sadurniño**  
[www.sansadurnino.gal](http://www.sansadurnino.gal)

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

San Sadurniño, XX de setembro de 2017

O Alcalde

Secundino García Casal